



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 9 DE MAIO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día nove de maio de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto. Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 2 de maio de 2017

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 2 de maio de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión (non asistiu dona Leonor Fernández Grande), aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 6 de abril de 2017, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 83, do 2 de maio de 2017).

- Orde do 2 de maio de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017. (Diario Oficial de Galicia número 87, do 8 de maio de 2017).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Resolución do 20 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social, pola que se publican as subvencións concedidas en virtude da Orde do 21 de abril de 2016 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016, e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 87, do 8 de maio de 2017).

3º. Toma de coñecemento e aceptación da delegación de atribucións polo Pleno na Xunta de Goberno Local para a fixación e modificación das contías dos prezos públicos e privados

Visto que o Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 27 de abril de 2017, aprobou por once votos a prol, a proposta de Alcaldía de data 20 de abril de 2017, respecto da delegación de atribucións polo Pleno na Xunta de Goberno Local para a fixación e modificación das contías dos prezos públicos e privados, que consta do seguinte teor literal:

“Nos municipios con poboación de dereito superior aos 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello, existirá a Xunta de Goberno Local; así regúlase no artigo 20.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O artigo 23 do texto legal mencionado no seu apartado 2 dispón que corresponde á Xunta de Goberno Local: a) A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e b) As atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúanlle as leis. No apartado 4 do artigo 22 da Lei 7/1985 establécese que o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no apartado 2, parágrafos a, b, c, d, e, f, g, h, i, l e p, e no apartado 3 deste artigo.

Vista a demora na tramitación que para a actividade municipal ocasionaría a fixación e a modificación das contías dos distintos prezos públicos e privados polo Pleno da Corporación, coa finalidade de acadar unha maior rapidez e eficacia na xestión municipal, que redundará en beneficio dos veciños e veciñas de Cambre é polo que a fixación destes prezos públicos e privados debe ser delegada na Xunta de Goberno Local, co fin de ter capacidade de adaptación á realidade e ás necesidades sociais e económicas.

Esta delegación é posible legalmente, pois o artigo 47.1 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLHL), dispón que o establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da Corporación, sen prexuízo das súas facultades de delegación na Comisión de Goberno, consonte ao artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece no seu artigo 51, que o acordo plenario polo que se produza a delegación adoptárase por maioría simple, e xurdirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Estas regras tamén serán de aplicación ás modificacións posteriores do citado acordo. Tamén dispón que o acordo de delegación conterà o ámbito dos asuntos a que a mesma se refira e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste regulamento.

Neste sentido, o acordo de delegación fará referencia á fixación das contías dos prezos públicos pola realización das actividades culturais, xuvenís, deportivas de verán, extraescolares e calquera outro que se estableza polo Pleno da Corporación. Así mesmo, estenderase aos prezos privados, nos casos nos que as contraprestacións sexan percibidas polo concesionario se a prestación do servizo realizase mediante concesión administrativa.



A Xunta de Goberno Local terá en conta, para a fixación dos mesmos, que o artigo 44.1 do TRLHL dispón que o importe dos prezos públicos deberá cubrir, como mínimo, o custe do servizo prestado ou da actividade realizada. Cabe a posibilidade de que a entidade fixe prezos públicos por debaixo do límite anterior cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, sendo tal o caso que nos ocupa, xa que coas actividades extraescolares, xuvenís, culturais e deportivas de verán, se pretende a consecución do mandato dado aos poderes públicos pola Constitución Española de facilitar a adecuada utilización do ocio (artigo 43.3), promoción e tutela do acceso á cultura (artigo 44) e de promover as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural (artigo 48).

En todo caso, os acordos de fixación das contías dos prezos públicos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se avalíe o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes dos servizos financiados. Para a súa determinación tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoable do servizo ou actividade pola prestación ou realización da cal se esixe o prezo público, todo isto con independencia do orzamento ou organismo que o satisfaga.

Igualmente, e de conformidade cos artigos 114 a 118 do Real decreto 2568/86, que regulan o réxime xeral das delegacións, o acordo fará referencia ao órgano competente para a resolución dos recursos que puideran interpoñerse contra os actos dictados polo órgano delegado.

Por todo isto, propónse:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, delegar na Xunta de Goberno Local a fixación das contías dos prezos públicos esixibles na realización das actividades culturais, actividades extraescolares, actividades xuvenís, actividades deportivas de verán, ou calquera outro que se estableza polo Pleno desta Corporación, así como a modificación dos prezos privados nos casos de concesión administrativa e a resolución de recursos que poidan formularse no exercicio das atribucións delegadas, das que, unha vez fixadas se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, para o seu coñecemento.

Segundo: De conformidade co artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a delegación autorizada enténdese outorgada por termo indefinido.

Terceiro. Publicar os anteriores acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao órgano destinatario da delegación, segundo o previsto nos artigos 51 e 114 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, advertindo que se entenderá aceptada tacitamente dita delegación se, no termo de tres días contados desde a notificación deste acordo o órgano destinatario da mesma non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación, todo iso de conformidade co artigo 114 do R.O.F."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, toma coñecemento e acepta a citada delegación.

4º. Expedientes de contratación

Único: Contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada), para adxudicar o servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, cun importe de execución por contrata de 193.760,57 euros



Vista a proposta de Alcaldía de data 4 de maio de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“A animadora deportiva municipal adscrita á Area de Educación, coa conformidade do coordinador de cultura e educación , e máis do concelleiro-delegado de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, elaborou , con data do 19 de abril de 2017, o informe-proposta para a contratación do servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos nos períodos vacacionais escolares, e mailas prescricións técnicas que rexerán para o seu desenvolvemento, de data do 24 de abril seguinte, por un presuposto de execución por contrata total de 193.760,57 euros, IVE incluído .

Existe consignación orzamentaria na aplicación 326.22608 , por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 25 de abril de 2017.

Con data do 25/04/2017 emítese informe respecto da non existencia de duplicidades na prestación do servizo, que se complementa co informe da Intervención Municipal sobre sustentabilidade financeira do 26/04/2017, emitidos segundo a solicitude formulada mediante informe da técnica de xestión de Administración xeral de data do 21 de abril de 2017, que consta no expediente.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 3 de maio actual, favorable á aprobación do expediente de contratación e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, de data 4 de maio de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada), para adxudicar o servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, contrato que leva consigo a promoción de medidas de creación de emprego, especialmente para persoas con dificultades de acceso ao mercado laboral, e cun orzamento total de execución por contrata para todo o período de duración do contrato de 193.760,57 euros, IVE incluído, isto en aplicación do establecido nos artigos 157 ao 161 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo (exp. 2016/C004/000012).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 326.22608



Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e mailo de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89.2 do TRLCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, os prezos da contratación dos servizos comprendidos neste contrato, considerando a súa natureza e prazo de execución, non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, e máis na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 27 de abril ao 4 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación número 668/2017 e remata coa resolución da Alcaldía número 740/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº resolución	Data de sinatura	Asunto
668/2017	27/04/2017	Conceder a axuda recibo luz por importe de 158,61 euros. Solicitante: MCCC
669/2017	27/04/2017	Denegar a axuda alimentación por non estar acreditada a situación de necesidade. Solicitante: OACM
670/2017	27/04/2017	Denegar a axuda alimentación por non estar acreditada a situación de necesidade. Solicitante: CNF
671/2017	27/04/2017	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 23.9 ao ter obtido unha axuda de igual ou similares características por parte doutra administración ou institución pública ou privada. Solicitante: ABPS
672/2017	27/04/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CER
673/2017	27/04/2017	Aprobar o modelo do convenio de colaboración para asinar entre o Concello de Cambre e as diferentes empresas do sector do metal, que permita a realización de prácticas profesionais non laborais ao



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		alumnado do curso de formación profesional ocupacional "Soldadura TIG para carpintería metálica", enmarcado no XVII Plan Municipal de Formación para o Emprego
674/2017	27/04/2017	Expediente de reposición da legalidade urbanística 2017/I002/000057 por delimitación de finca no Polígono de Graduill, Cambre
675/2017	27/04/2017	Declaración de ruína da edificación sita na rúa Temple, s/n. propietaria: MPV
676/2017	27/04/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DR (P 4025) A12
677/2017	27/04/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DR (P 4024) A12
678/2017	27/04/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DR (P 4019) A12
679/2017	27/04/2017	Aprobar as liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de marzo 2017, por un importe total de 7916,50 euros
680/2017	27/04/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de maio de 2017
681/2017	27/04/2017	Aprobar as altas e baixas do mes de abril nas escolas de actividade física e saúde
682/2017	28/04/2017	Incorporación de persoas voluntarias ao Programa Municipal de Voluntariado
683/2017	28/04/2017	Denegar a axuda alimentación por saldo medio de aforro superior ao establecido na ordenanza. Solicitante: IHC
684/2017	28/04/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCGT
685/2017	28/04/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LAG
686/2017	28/04/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P 4028)
687/2017	28/04/2017	Autorización de cambios de posto na feira de Cambre
688/2017	28/04/2017	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por para a construción dunha galería na vivenda unifamiliar sita no lugar de Gosende, Andeiro. Solicitante: ICV
689/2017	28/04/2017	Corrección erros resolución concellería nº 660 pola que se concede licenza para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita en Cela, Cambre
690/2017	28/04/2017	Expediente de declaración de ruína 2016/I002/000009 de edificación sita no Rocón, s/n, Cambre
691/2017	28/04/2017	Numeración de vivenda a solicitude de RMSC
692/2017	02/05/2017	Oposición ao recurso de apelación interposto por CIG á sentenza do 27 de marzo de 2017 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 4.
693/2017	02/05/2017	Baixa de don MAR como condutor asalariado da licenza de auto-taxi Solicitante: AAS
694/2017	02/05/2017	Conceder a autorización, titular licenza autotaxi, para que don MGGE preste servizos como condutor asalariado. Solicitante: AAS



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

695/2017	02/05/2017	Aprobación da programación e orzamento rede cultural 2017 da deputación provincial
696/2017	02/05/2017	Aprobación da programación cultura no camiño 2017 e o seu orzamento
697/2017	02/05/2017	Actividade de bautismo de mergullo na Coruña. Programa ESTE FINDE TEÑO PLAN 2017
698/2017	02/05/2017	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada para a reconstrución dun alpendre, execución dunha pavimentación, reconstrución dun cerramento e reparación dun galiñeiro, na finca sita en Anceis, Anceis. Solicitante: MBBQ en representación de MBG
699/2017	02/05/2017	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada para o cambio de uso de garaxe a uso comercial do local sito na rúa Estanque, O Temple, e a súa agrupación ao local comercial anexo. Solicitante: MDA
700/2017	02/05/2017	Terceiro requirimento a GG SDG, S.A., para que presente a documentación esixida no marco do Procedemento de comprobación limitada PCL 8/2016.s
701/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de LMDG. Expediente 2190/2014
702/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de LGG. Expediente 2191/2014
703/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de IZGC. Expediente 2192/2014
704/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JGG. Expediente 2193/2014
705/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JGG. Expediente 2194/2014
706/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ALS. Expediente 2196/2014
707/2017	02/05/2017	Delegación de funcións dende o día 5 ao 7 de maio de 2017 no primeiro tenente de alcalde Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
708/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ABI. Expediente 2197/2014
709/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de VIR. Expediente 2203/2014
710/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ODV. Expediente 2218/2014
711/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ANG. Expediente 2243/2014
712/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de ESB. Expediente 2250/2014
713/2017	02/05/2017	Incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JCLG. Expediente: 2386/2014
714/2017	02/05/2017	Condicións campamentos urbanos de verán 2017



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

715/2017	02/05/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCMP
716/2017	03/05/2017	Aprobación liquidación escolas de actividade física e saúde abril 2017
717/2017	03/05/2017	Concesión axuda recibo luz por importe de 174,58 euros e recibo de auga por importe de 73 euros a M.P.P.V.
718/2017	03/05/2017	Concesión axuda lentes correctoras a M.C.Z.L. por importe de 87 euros
719/2017	03/05/2017	Inscripción RMAV. Asociación Templarios 3ª idade
720/2017	03/05/2017	Concesión autorización apertura da urna sinalada coa letra D, no panteón perimetral nº 43, para inhumar o cadáver de dona M.J.M.R., titular da concesión, falecida o día 15/04/2017.
721/2017	03/05/2017	Baixa de recibos polo servizo de subministración de auga e sumidoiros: reclamación interposta por don J.R.P.R.
722/2017	03/05/2017	Concesión de bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros (2º trimestre 2017)
723/2017	03/05/2017	Concesión de bonificación das cotas da taxa por subministración de auga para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular da póliza ou o seu cónxuxe, ostente a condición de familia numerosa (2º trimestre 2017)
724/2017	04/05/2017	Liquidación provisional a IBERDROLA GENERACION S.A., da Taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2013.
725/2017	04/05/2017	Aprobación de facturas correspondentes a subministración de electricidade, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 85.956,48 euros
726/2017	04/05/2017	Concesión axuda recibo luz e gas por importe total de 246,06 euros a R.M.P.
727/2017	04/05/2017	Concesión a axuda recibo luz por importe de 78,94 euros e recibo de aluguer por importe de 375 euros a M.E.G.S.
728/2017	04/05/2017	Aprobación incorporación de persoa voluntaria. Dona M.R.L.L.V.
729/2017	04/05/2017	Permuta do uso privativo das urnas sinaladas coas letras A e D dos panteóns perimetrais 69 e 70, respectivamente, polo uso privativo das urnas sinaladas coas letras C e D do panteón perimetral 168 e permuta do uso privativo da urna sinalada coa letra D do panteón perimetral 69 polo uso privativo da urna sinalada coa letra A do panteón perimetral 69.
730/2017	04/05/2017	Licenza de primeira ocupación para o edificio sito na rúa As Rúas, promovido pola entidade Lagoa Sur, S.L. Exp. 01/32/03.
731/2017	04/05/2017	Declaración de ruína da edificación sita en Sigrás de Abaixo. Titular: C.M.M.
732/2017	04/05/2017	Declaración de ruína da edificación sita en rúa Temple. Propietario: EPAAT



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

733/2017	04/05/2017	Expediente de ampliación de crédito número 1/2017. Préstamos ao persoal
734/2017	04/05/2017	Aprobación listaxe admitidos actividades xuvenís mes de abril 2017
735/2017	04/05/2017	Liquidación provisional a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., da Taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2013
736/2017	04/05/2017	Liquidación provisional a ENERGY BY COGEN, S.L., da Taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2013.
737/2017	04/05/2017	Liquidación provisional a FENIE ENERGIA, S.A., da Taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2013.
738/2017	04/05/2017	Liquidación provisional a GALP ENERGIA ESPAÑA S.A.U., da Taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral dos exercicios 2013, 2014 e 2015
739/2017	04/05/2017	Liquidación provisional a GAS NATURAL S.U.R, SDG, S.A, da Taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2013.
740/2017	04/05/2017	Liquidación provisional a GAS NATURAL SERVICIOS, SDG, S.A., da Taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2013.

6º. Informes doutros asuntos de área

Informes da Alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Acompañado do concelleiro don Juan González Leirós, recibiu á familia Etcheverría para falar dos terreos necesarios para a realización das sendas peonís na zona do Bosque Animado de Cecebre.
- Mantivo unha reunión con don Javier Pereira, da Universidade da Coruña, en relación cunha posible auditoría TIC.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativa, dá conta dos seguintes asuntos:



- Trasládouse, xunto cun conserxe municipal, ao Centro de Formación do Espírito Santo a recoller material que foi entregado á ASC Virxe de Lourdes en Altamira –Anceis.
- Unha vez obtido o orzamento do tellado do local de Anceis, solicitou un novo orzamento para colocar e pintar as rexas.
- Recibiu unha chamada telefónica dunha profesora do Instituto Afonso X “O Sabio”, solicitándolle unha reunión para o día 10 do actual, co fin de tratar o traballo realizado na Terceira Idade da Barcala.
- Trasládouse ao local da Terceira Idade de Cambre, xunto co presidente e tesoureiro da Terceira Idade da Barcala, para unha charla sobre o próximo Galaicoi, presentada polo concelleiro don Ramón Boga Moscoso.
- Trasládouse a Santa Mª de Vigo para falar co presidente da Asociación de veciños, quen lle preguntou cando estaban previsto realizar as obras no local.
- O sábado día 6 asistiu á actividade que tivo lugar no museo do xacemento romano.

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación

Dona Mª Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 2 de maio asistiu ao consello escolar na escola infantil da Galiña Azul da Barcala, ao consello escolar na escola infantil da Galiña Azul do Temple, e ao consello escolar intercentros das Galiñas Azuis.
- O día 3 de maio asistiu, na Universidade da Coruña, ao Plan de formación e asesoramento na creación dun Comité de ética dos Servizos Sociais do Consorcio das Mariñas 2017-2018.

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente

Don Juan González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

- Informa de que se comezou o programa de inspección de ruínas mediante notificación aos propietarios.
- Informa de que o vindeiro luns, día 15 de maio, comezarán as obras na rúa Vicente Risco.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 4 mantivo unha reunión con Isabel Martínez, da empresa Sigaris, na que lles amosou os deseños realizados para os soportes gráficos da marca das feiras de Cambre (bandeirolas, valos e sinais).



- O día 5 desprazouse á parroquia do Temple para realizar visitas ao comercio local co fin de informar da apertura do prazo de licitación de postos na feira ambulante que se vai celebrar nesta parroquia.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Con motivo da organización da Galaicoi 2017 mantivo diversas reunións coas asociacións: o martes día 2 de maio en Anceis, o mércores 3 en Bribes, o xoves 4 en Cambre e o sábado 6 en Meixigo e Cambre.
- A APP da Omix de Cambre xa chegou ás 1.701 descargas e ás 20.237 visitas.
- O venres 5 de maio, na Casa da Xuventude, e dentro do programa “Eu fun polo mundo”, tratouse o tema do Interrail.
- O venres 5 de maio tamén tivo lugar na Casa da Xuventude, o obradoiro “Slime” dentro do programa de actividades “Por fin é venres”.
- Informa que respecto dos locais de ensaio segue a formación sen maiores incidencias.
- Dentro do programa “Este finde teño plan”, o venres 5 de maio comezou a actividade de buceo. Foron tres quendas, unha o venres pola mañá, outra o sábado pola mañá e a terceira o sábado pola tarde.
- Respecto dos campamentos de verán resultou adxudicataria unha empresa de Murcia e, polo tanto, celebráranse nesa comunidade.
- O sábado 6 de maio no museo do xacemento romano celebrouse, a cargo da Asociación de Recreadores de Galicia, o faladoiro titulado “Domus, a casa romana”.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 4 mantivo, xunto con don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, unha reunión con Hebe Sport para tratar o tema da prórroga do contrato de explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado (Cambre) e O Temple.
- O día 5 pecharon a programación cultural para a primavera (maio-xuño).

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de de:

- Único: Liquidación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

Único: Liquidación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre

Vista a proposta de Alcaldía de data 9 de maio de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, conformado pola secretaria xeral da Corporación, de data 8 de maio de 2017, que se transcribe a continuación:

“ANTECEDENTES

1.- Con data do 14 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adoptou os seguintes acordos :

“Primeiro: De acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia emitido o 22 de febreiro de 2017, declarar extinguido o contrato suscrito o día 14 de decembro de 2010, entre o Concello de Cambre e a entidade “ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais” (IDOM-ARNAIZ UTE), para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre, debido ao transcurso do prazo máximo legal de duración previsto no artigo 279 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público, (LCSP), normativa de aplicación ao expediente antedito, nº 10/4-3 SERV.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 88. a) da LCSP e cláusula 27.4 do prego de cláusulas administrativas que rexeron o contrato, respecto de que a garantía responderá das penalidades impostas ao contratista, sendo efectivas de forma inmediata, mediante deducións das facturas, ou sobre a garantía definitiva constituída, incautar a garantía definitiva constituída para responder da execución do contrato, por importe de 14.690,61 euros, mediante aval nº 0278221 da entidade “Bankinter”, de data 02/12/2010, presentado na Tesourería municipal o día 03/12/2010, isto co fin de que a antedita garantía responda das penalidades impostas á entidade adxudicataria por Resolución da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, pola que se impuxo á entidade adxudicataria unha penalidade por importe de 16.641,60 euros, que non se pode detraer de facturas pendentes de pago, e que leva consigo que, ao non ser bastante a garantía definitiva para cubrir as responsabilidades ás que esta afecta, poderá procederse ao cobro da contía restante mediante o procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido nas normas de recadación, iso a teor do establecido no artigo 89.2 da LCSP, e sen prexuízo do resultado da liquidación que se efectúe.

Terceiro: Proceder á liquidación do contrato, emitíndose o correspondente informe para o efecto polo xefe da Sección de Planeamento e Xestión Municipal.

Cuarto: Notifíquese á Intervención municipal e ao xefe da Sección de Planeamento e Xestión para os efectos oportunos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Quinto: *Notifíquese á entidade “Enxeñeiros e Arquitectos Consultores IDOM, S.A., Arnaiz Consultores, S.L., Unión Temporal de Empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo sobre Régimen Fiscal de Agrupaciones y Uniones Temporales”, e á entidade “Bankinter”, facéndolles saber que o presente acordo pon fin á vía administrativa, sen prexuízo de que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas poida recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaloo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.*

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, (artigo 46, puntos 1 e 4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), e deberá presentalo perante o xulgado do contencioso-administrativo da Coruña ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da antedita Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sexto: *Darlle traslado dos presentes acordos á Secretaría Xeral do Consello Consultivo de Galicia, esto de conformidade co establecido no artigo 45 do seu Regulamento de organización e funcionamento, aprobado por Decreto 91/2015 do 18 de xuño.”*

2.- Con data do 5 de maio de 2017, emítese informe de liquidación polo arquitecto municipal xefe da Sección de Planeamento e Xestión don José Agustín Barca Cotelo, do que resulta que :

“Si ben a resolución do contrato podería dar dereito ao contratista, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizase con arranxo ao contrato e que fosen recibidos pola Administración no caso que nos ocupa non existe traballo algún recibido pola Administración que efectivamente se realizase con arranxo ao contrato

Por todo o exposto a liquidación do contrato deberá realizarse con un valor de cero euros ; sen prexuízo do que resulte da penalidade imposta e da posible indemnización que puidera resultar do informe do arquitecto municipal de data 20 de decembro de 2013”

LEXISLACIÓN APLICABLE

I.- En canto á liquidación dos contratos, arts. 205.4, e 285.1 da Lei 30/2007 do 30 de outubro (aplicable ao contrato que nos ocupa), de contratos do sector público

II.- Respecto ao procedemento a seguir, art. 169 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas.

Con base nos antecedentes, e normativa antedita, emítese o presente

INFORME :

Primeiro: O artigo 205.4 da Lei 30/2007 de contratos do sector público, (aplicable ao presente contrato de conformidade coa Disposición Transitoria Primeira do TRLCSP), establece que dentro do prazo dun mes a contar desde a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato e aboárselle, no seu caso, o saldo resultante.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

En relación con el, o artigo 285.1 da Lei 30/2007, establece que "A resolución do contrato dará dereito ao contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente tivese realizado con arreglo ao contrato e que fosen recibidos pola Administración."

Segundo: O artigo 169.2 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, establece a obriga de que a proposta de liquidación se notifique ao contratista para que no prazo de dez días preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos.

O punto terceiro deste mesmo art. 169 do RD 1098/2001, que establece que "*Dentro do prazo de dous meses, contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo establecido para tal fin, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, no seu caso, o saldo resultante dela*".

Así pois, emitido informe de liquidación do contrato polo arquitecto Municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión con data do 5 de maio de 2017, cómpre pois acordar o trámite de audiencia ao contratista polo prazo de dez días, esto tendo en conta que dentro do prazo de dous meses, ben desde que conteste o contratista ou ben desde que transcorra o prazo establecido para o efecto, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, no seu caso, o saldo resultante dela, .

Terceiro: No informe emitido polo arquitecto municipal- xefe da Sección de Planeamento e Xestión don José Agustín Barca Cotelo, con data do 5 de maio actual, faise constar que :

"Si ben a resolución do contrato podería dar dereito ao contratista, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizase con arranxo ao contrato e que fosen recibidos pola Administración no caso que nos ocupa non existe traballo algún recibido pola Administración que efectivamente se realizase con arranxo ao contrato.

Por todo o exposto a liquidación do contrato deberá realizarse con un valor de cero euros ; sen prexuízo do que resulte da penalidade imposta e da posible indemnización que puidera resultar do informe do arquitecto municipal de data 20 de decembro de 2013"

Respecto das conclusións expostas, hai que ter en conta que:

- a) Non existe traballo ningún recibido pola Administración que efectivamente se realizase con arranxo ao contrato, o que implica que non exista cantidade ningunha que poida serlle aboada ao contratista como consecuencia dos traballos realizados
- b) Respecto da "*penalidade imposta*", o arquitecto municipal estase referindo ás penalidades que lle fóron impostas á entidade adxudicataria por Resolución da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, pola que se impuxo á entidade adxudicataria unha penalidade por importe de 16.641,60 euros, e que non se pode detraer de facturas pendentes de pago, por non existir facturas pendentes de aboamento á UTE adxudicataria no Concello de Cambre.

Efectivamente, con data do 14 de agosto de 2013, díctase Resolución da Alcaldía pola que se impoñen á UTE penalidades por demora na execución do contrato, nun importe de 16.641,60 euros, que se farán efectivos mediante dedución das cantidades que en concepto de pagamento parcial deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía constituída, cando non poidan deducirse dos documentos de pagamento.

Notificada á entidade adxudicataria a anterior Resolución, con data do 8 de outubro de 2013, rexístrase de Entrada no Concello de Cambre, ao nº 13781, un escrito de interposición de recurso de reposición contra a resolución, sen que conste no expediente a resolución expresa do recurso interposto.



Tendo en conta que, segundo o establecido nos artigos 43 e 117.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, (de aplicación no momento no que se dictou a Resolución 1.215/2013 do 14 de agosto e se interpuso recurso de reposición potestativo), o recurso debe entenderse desestimado polo transcurso do prazo dun mes sen que se dictase resolución expresa, deixando dende entón aberta a vía xurisdiccional mediante a interposición do recurso contencioso-administrativo contemplado no art. 46 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, e visto que a UTE recorrente non impugnou a desestimación presunta do recurso administrativo, a Resolución dictada cobra firmeza.

Polo tanto, as penalidades impostas teñen carácter de firmes, e para a súa satisfacción a prol da Administración, o Concello de Cambre acordou con data do 14/03/17 a incautación da garantía definitiva constituída para responder da execución do contrato, por importe de 14.690,61 euros, mediante aval nº 0278221 da entidade "Bankinter", de data 02/12/2010, presentado na Tesourería municipal o día 03/12/2010, ao non se poder detraer este importe de facturas pendentes de pago, esto de conformidade co artigo 88.a) da Lei de contratos do sector público e cláusula 27.4 do prego de cláusulas administrativas que rexeron o contrato, respecto de que a garantía responderá das penalidades impostas ao contratista, sendo efectivas de forma inmediata, mediante deducións das facturas, ou sobre a garantía definitiva constituída .

Por outra banda, ao non ser bastante a garantía definitiva para cubrir as responsabilidades ás que esta afecta, poderá procederse ao cobro da contía restante mediante o procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido nas normas de recadación, iso a teor do establecido no artigo 89.2 da LCSP.

- c) Respecto "*da posible indemnización que puidera resultar do informe do arquitecto municipal de data 20 de decembro de 2013*", cómpre sinalar que, toda vez que no presente suposto non se está a acordar unha resolución do contrato por causa imputable ao contratista, senón que se declarou extinguido o contrato suscrito o 14 de decembro de 2010 para a redacción do PXOM de Cambre debido ao transcurso do prazo máximo legal de duración previsto no artigo 279 da Lei 30/2007, e tendo en conta, así mesmo, que non consta no Concello de Cambre factura ningunha acreditativa dun prexuízo ocasionado ao concello, a funcionaria informante considera que non procede solicitar á UTE contratista cantidade ningunha en concepto de danos e perdas causadas ao Concello de Cambre.
- d) Como resultado do antedito, o resultado da liquidación sería de 0 euros, tendo en conta, ademais, que o Concello de Cambre ostenta o dereito a ser resarcido pola UTE contratista do importe de 1.950,99 euros, que resultan da diferenza entre as penalidades acordadas por Resolución firme da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, e o importe da garantía definitiva constituída.

Polo tanto, procede comunicar á entidade contratista o resultado desta liquidación, co fin de que no prazo de dez días preste a súa conformidade ou manifeste os reparos que estime oportunos.

Así pois, tendo en conta os antecedentes e lexislación aplicable, fórmase ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución a adoptar:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 14 de marzo de 2017, comunicar á entidade "*ENXEÑEIRO E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais*" (IDOM-ARNAIZ UTE), que o resultado da liquidación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre (exp. 2010/4-3 SERV.), segundo informes emitidos polo arquitecto municipal-xefe da Sección de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Planeamento e Xestión, con data do 5 de maio de 2017, e máis pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria xeral de data 8 de maio seguinte, sería de 0 euros , tendo en conta , ademais, que o Concello de Cambre ostenta o dereito a ser resarcido pola UTE contratista do importe de 1.950,99 euros, que resultan da diferenza entre as penalidades acordadas por Resolución firme da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, e o importe da garantía definitiva constituída, importe de 1.950,99 euros que, no suposto de non ser aboado polo contratista, procederáse ao seu cobro polo procedemento administrativo de préma, segundo o artigo 89.2 da Lei dos contratos do sector público.

Segundo: Tendo en conta o establecido no art. 169 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos do sector público, darlle traslado á UTE adxudicataria do informe emitido polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con data do 5 de maio de 2017, outorgándolle un prazo de audiencia de dez días hábiles, para que preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos, e tendo en conta que, dentro do prazo de dous meses, ben desde que conteste o contratista ou ben desde que transcorra o prazo establecido para o efecto, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, no seu caso, o saldo resultante dela.

Terceiro: Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

E este é o informe que emito, sen prexuízo de que o órgano de contratación adopte a resolución que estime oportuna.”

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día de hoxe.

Por todo o exposto, tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 14 de marzo de 2017, comunicar á entidade “ENXEÑEIROS E ARQUITECTOS CONSULTORES IDOM, S.A., ARNAIZ CONSULTORES, S.L., UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais” (IDOM-ARNAIZ UTE), que o resultado da liquidación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre (exp. 2010/4-3 SERV.), segundo informes emitidos polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con data do 5 de maio de 2017, e máis pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da secretaria xeral de data 8 de maio seguinte, sería de 0 euros , tendo en conta , ademais, que o Concello de Cambre ostenta o dereito a ser resarcido pola UTE contratista do importe de 1.950,99 euros, que resultan da diferenza entre as penalidades acordadas por Resolución firme da Alcaldía núm. 1215, do 14 de agosto de 2013, e o importe da garantía definitiva constituída, importe de 1.950,99 euros que, no suposto de non ser aboado polo contratista, procederáse ao seu cobro polo procedemento administrativo de préma, segundo o artigo 89.2 da Lei dos contratos do sector público.

Segundo: Tendo en conta o establecido no art. 169 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos do sector público, darlle traslado á UTE adxudicataria do informe emitido polo arquitecto municipal-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, con data do 5 de maio de 2017, outorgándolle un prazo de audiencia de dez días hábiles,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

para que preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos, e tendo en conta que, dentro do prazo de dous meses, ben desde que conteste o contratista ou ben desde que transcorra o prazo establecido para o efecto, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, no seu caso, o saldo resultante dela.

Terceiro: Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia